

Lugo, 'Capital Galega da Literatura de Tradición Oral' a fin de semana do 25 e 26 de outubro

O venres 23 de outubro, ás sete da tarde no salón de actos do Centro Cultural Vello Cárcere (Av. Alcalde Anxo López Pérez, 34), celebrarase a Gala dos Premios Mestra e Mestre da Memoria, títulos concedidos a Dorothé Schubart e a Pablo Quintana, e o sábado, a partir das dez horas e no salón de actos do edificio da Deputación de Lugo, desenvolverase a XII Xornada de Literatura Oral co tema «Rimas e letras da música popular. Do romanceiro tradicional ao bravú».



Ambas actividades organizadas pola AELG, coa colaboración respectivamente das áreas de Cultura do Concello e da Deputación, insisten na idea de que Lugo é cidade liberada de prexuízos e reivindica a oralidade como cerna do noso ser cultural.

Distinción de Mestra para a musicóloga suíza, Dorothé Schubart, quen, logo de pasar cinco anos, entre 1978 e 1982, percorrendo Galicia cunha gravadora, deixounos en herdanza a mellor sistematización e transcrición, coa axuda de Antón Santamarina, do corpus das músicas de raíz do noso país, esforzo que se reflicte nos sete tomos publicados pola Fundación Barrié en 1984 baixo o título Cancioneiro Popular Galego. O título de Mestre concedéuselle ao músico, investigador, divulgador e editor, Pablo Quintana, un asturiano afincado desde mozo en Galicia, temporalmente en Lugo, que, ademais de editar *O cego andante* en 1982, salvou da desmemoria do noso inmaterial, entre outros méritos, as coplas do cego Florencio da Fontaneira e as músicas da pandereiteira Eva Castiñeira. Xusto e necesario recoñecemento a dous imprescindibles na historia e transmisión da música tradicional.

O sábado dedicamos a xornada ás letras vinculadas á música popular. Un simposio no que van intervir, por esta orde, José Luis Forneiro, profesor da USC e un dos grandes especialistas no romanceiro galego e ibérico, e Dorothé Schubart, que levará á palestra a relación entre texto e melodía, amais dalgunhas descubertas feitas por ela no traballo realizado entre nós hai xa 40 anos. Ambos partillarán en mesa redonda aberta sobre rimas e melodías.

A sesión da tarde ábrea Xurxo Souto, recoñecido estes días en Lánchara co premio Facer País, que nos levará da romaría á festa e da movida ao bravú, un movemento este na música popular galega que botou a andar da década dos 90 con grupos como Os Resentidos ou Os Diplomáticos de Monte-Alto. E rematarán os relatorios, que non a xornada, coa intervención da lucense Branca Villares, profesora da Tradescola que ademais imparte clases de baile, canto e pandeira por centros escolares e a diversos colectivos de toda a provincia; falaranos da pegada da violencia contra as mulleres nas cantigas da montaña luguesa.

E tras a mesa aberta que compartirán Xurxo e Branca, cerrarase a xornada cunha sesión práctica a cargo, precisamente, do profesorado e alumnado da Tradescola de Lugo, un centro de formación de prestixio recoñecido polo respecto que guía o seu labor docente na transmisión de materias como a gaita, requinta, zanfona, acordeón, pandeireta, linguaxe musical ou canto.